

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

- 985** *Real decreto 7/2018, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de documentación, tenza e marcación en materia de comercio de especies ameazadas de fauna e flora silvestres, de acordo co establecido pola regulamentación da Unión Europea en aplicación da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre.*

A Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre, asinada en Washington o 3 de marzo de 1973 (CITES), da cal España é país signatario desde o 16 de maio de 1986, aplícase na Unión Europea a través do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, e do Regulamento (CE) n.º 865/2006 da Comisión, do 4 de maio de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio. A finalidade desta lexislación é asegurar que o comercio non terá un impacto negativo na conservación das especies.

Por outro lado, as autoridades nacionais competentes están facultadas para adoptar cantas medidas consideren adecuadas para garantir a correcta aplicación dos requirimentos en canto ao comercio de espécimes de especies de fauna e flora establecidos polos citados regulamentos.

O notable incremento do comercio ilegal internacional de determinados espécimes silvestres que compromete a súa supervivencia, ou a das súas poboacións, na natureza, levou a Comisión Europea, conxuntamente cos Estados membros, a desenvolver un plan de acción para combater o tráfico da vida silvestre, definido este como o comercio ilegal transfronteirizo dos recursos biolóxicos tomados da natureza, incluíndo o comercio de madeira e especies mariñas.

No ámbito nacional, o Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro, sobre medidas de aplicación da Convención sobre comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973, e do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, establece, no seu artigo 1, que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza do Ministerio de Medio Ambiente (actualmente Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente), actuará como autoridade científica, e, no seu artigo 2, que a Dirección Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda (actualmente Dirección Xeral de Política Comercial e Competitividade do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade), actuará como autoridade administrativa principal, para os efectos establecidos no artigo 13, número 1, parágrafo a), do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro.

De acordo co anterior, a autoridade administrativa principal é a responsable para adoptar cantas medidas se consideren adecuadas para asegurar a correcta aplicación dos requisitos establecidos na regulamentación da Unión Europea, garantindo que calquera transacción que implique un cambio da titularidade dos espécimes obxecto deste real decreto se realice coas máximas garantías, impedindo o tráfico ilegal con especies protexidas ás cales se lles aplica o Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996. Ademais, debe establecer as bases para controlar e certificar que o comercio internacional de espécimes de especies incluídas nos apéndices da Convención CITES e nos anexos do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, se realiza cumplindo os requisitos establecidos neles.

O artigo 8, número 1, do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, establece que quedan prohibidas a compra, a oferta de compra, a adquisición e a exposición ao público con fins comerciais, así como a utilización con fins lucrativos e a venda, a posta en venda, o transporte ou a tenza para a súa venda, de espécimes das especies que figuran no anexo A. Por outra parte, o número 5 do mesmo artigo establece que as prohibicións recollidas no número 1 se aplicarán, así mesmo, aos espécimes das especies enumeradas no anexo B, salvo cando poida demostrarse, a satisfacción da autoridade competente do Estado membro interesado, que os ditos espécimes foron adquiridos e, se non proceden da Unión Europea, foron introducidos nela, de conformidade coa lexislación vixente sobre conservación da fauna e flora silvestres. Para isto, a Comisión Europea elaborou unhas guías de procedemento que establecen que en todos os Estados membros se exixan as pertinentes probas documentais que xustifiquen a adquisición legal dos espécimes de especies incluídas nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996.

De acordo co anterior, procede determinar a documentación mínima exixible que debe achegar o último propietario dos espécimes das especies incluídas nos anexos A, B e C, como proba da súa orixe legal, en cumprimento do establecido na regulamentación anteriormente citada, asegurando o necesario equilibrio entre o control do comercio de especies ameazadas de fauna e flora e os medios exixibles aos cidadáns, como proba de que se cumplen as disposicións en vigor.

Ademais, preténdese estender a obrigatoriedade de marcación e os sistemas de marcación recollidos no capítulo XVI do Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006, a outros espécimes de especies incluídas nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, co fin de garantir que os intercambios dentro da Unión Europea dos citados espécimes teñan lugar en cumprimento do marco lexislativo vixente nela. Así mesmo, sobre os espécimes de especies incluídos nestes anexos, establecense os requisitos documentais para que poidan ser considerados como nacidos e criados en catividade, ou reproducidos artificialmente.

Por outra parte, existen unha serie de espécimes de especies, de carácter alóctono, tanto en España como na Unión Europea, de elevado índice de reproducción e de escaso valor económico e comercial, e sobre as que non existe constancia de comercio ilegal e non se considera necesario aplicar as disposicións establecidas neste real decreto, seguindo a liña establecida pola Unión Europea na materia, que fixou determinadas excepcións na súa regulamentación. Por esta razón, inclúise un anexo coa listaxe de espécimes vivos de especies exceptuadas do control establecido.

O real decreto consta de cinco artigos, que regulan o obxecto, definicións, os medios de proba que acrediten a tenza legal, así como a obrigatoriedade e métodos da marcación de espécimes. Así mesmo, a disposición adicional única fai referencia á necesidade de que a autoridade administrativa principal notifique á Comisión Europea e á Secretaría da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre a aprobación e publicación desta disposición, de acordo coas previsións dos regulamentos europeos aplicables na materia.

As previsións contidas neste real decreto non suporán incremento de gasto público por ningún concepto e levaranxe a cabo cos medios persoais e materiais dispoñibles no Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 73 e da disposición derradeira oitava da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

A adopción deste real decreto responde aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Desde o punto de vista dos principios de necesidade e eficacia, con esta disposición establecense requisitos para certificar a orixe legal das transaccións en territorio español que impliquen un cambio de titularidade, de forma que se poida completar a lexislación na materia. En canto ao principio de proporcionalidade, a disposición contén a regulación imprescindible para atender a necesidade perseguida, cunha simplificación dos trámites administrativos, e unha redución

dos procedementos administrativos sancionadores e xudiciais. Así mesmo, a norma incrementará a seguridade xurídica dos cidadáns neste ámbito de actividade, e posibilitará que as autoridades administrativas poidan cumplir de forma máis efectiva as súas funcións. Finalmente, é conforme coas exixencias dos principios de transparencia e de eficiencia, non só porque non establece cargas administrativas senón porque se establece un marco claro de actuación para todos os operadores.

Este real decreto foi sometido a consulta das entidades representativas dos sectores afectados, deuse audiencia ás comunidades autónomas e recibíronse informes dos ministerios de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de Facenda e Función Pública e da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xaneiro de 2018,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a forma de acreditar a orixe legal dos espécimes de especies animais e vexetais incluídas nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, así como asegurar a legalidade de todas as transaccións que impliquen un cambio da súa titularidade.

2. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo da lexislación sectorial aplicable en materia de sanidade animal, vexetal ou ambiental establecidas para a importación, transporte nacional ou dentro da Unión Europea, ou a tenza de especies ameazadas de fauna e flora silvestres.

##### Artigo 2. *Definicións.*

Ademais das definicións incluídas no Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, e no Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006, para efectos do disposto neste real decreto, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Manufactura: calquera produto elaborado, semielaborado ou transformado que estea realizado ou que conteña total ou parcialmente espécimes de especies incluídas nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996.

b) Marca: calquera elemento que permita a identificación individual e inequívoca dos espécimes de especies incluídas nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996.

c) Código de identificación: código alfanumérico único designado pola autoridade administrativa CITES principal para identificar un espécime, criador ou viveirista.

d) Espécimes nados e criados en catividade ou reproducidos artificialmente: animais ou plantas que cumplen o establecido no capítulo XIII do Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006.

##### Artigo 3. *Medios de proba.*

1. Sen prexuízo de todos os medios de proba admitidos en dereito, para os efectos deste real decreto, consideraranse medios de proba suficientes para probar a legal adquisición dos espécimes de especies incluídas nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, os indicados nos números seguintes.

Cando o posuidor ou tedor do espécime non sexa o seu propietario, ademais de contar co título ou contrato polo que posúa ou teña o espécime, por requerimento das autoridades competentes, deberá achegar as probas indicadas nos números seguintes.

2. Para os espécimes do anexo A do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, aceptarase calquera dos seguintes documentos emitidos polas autoridades competentes dun Estado membro da Unión Europea:

- a) Orixinal da copia para o titular dun permiso de importación CITES.
- b) Orixinal de certificado CITES de uso comunitario.
- c) Orixinal de certificado de exhibición itinerante.
- d) Orixinal de certificado de propiedade privada.
- e) Orixinal de certificado de instrumentos musicais.

Todos estes documentos deberán estar debidamente formalizados e autorizados polas autoridades competentes dun Estado membro da Unión Europea, como proba da súa adquisición ou introdución legal nela, incluíndo a correspondente diliexencia por parte da autoridade alfandegueira nos documentos en que así se requira.

Nos casos en que o actual propietario do espécime non coincida co titular dos documentos indicados neste número, deberase achegar un documento de adquisición. Así mesmo, as autoridades competentes poderán solicitar os documentos de transferencia de propiedade que permitan establecer a rastrexabilidade entre o titular do documento CITES e o propietario actual.

3. Para os espécimes dos anexos B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, aceptaranse os seguintes documentos:

- a) Se o espécime procede dunha importación:

1.º O orixinal do exemplar para o titular dos permisos de importación CITES emitidos por unha autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, ou o orixinal do exemplar para o titular de notificacións de importación debidamente diliexenciadas pola alfândega de entrada na Unión Europea ou

2.º A factura de compravenda ou documento de cesión onde consten os datos de comprador ou cessionario e vendedor ou cedente (incluso DNI/NIF); nome científico da especie; número de exemplares obxecto da transacción; número do permiso/notificación de importación CITES emitido polo Estado membro de introdución; orixe (cría en catividade, silvestre, cría en granxes, outros); marca e tipo de marca, se a tiver; sexo (macho/femia/sen determinar).

b) Se o espécime foi criado en catividade nun Estado membro da Unión Europea distinto de España:

1.º A factura de compravenda ou un documento onde consten os datos que permitan identificar tanto a orixe do exemplar como a súa rastrexabilidade e

2.º O orixinal dun documento, emitido por unha autoridade competente dun Estado membro que acredeite a cría en catividade ou reproducción artificial, ou o orixinal do certificado CITES de uso comunitario emitido por unha autoridade competente dun Estado membro. En caso de non achegar este documento, a autoridade administrativa principal solicitará que as autoridades do Estado membro en cuestión acredeniten a cría en catividade ou reproducción artificial.

A documentación indicada neste punto 2.º non terá a consideración de obligatoria para os espécimes de especies que figuraren no anexo I, sempre que estes estean marcados de acordo co establecido no artigo 4.

- c) Se o espécime foi criado en catividade en España:

1.º A factura de compravenda ou un documento de cesión onde consten os datos de comprador ou cessionario, e vendedor ou cedente (incluso DNI/NIF); nome científico da especie; número de exemplares obxecto da transacción; data de nacemento de cada espécime; marca e tipo de marca de cada espécime, se a/s tiver; sexo (macho/femia/sen determinar); código de identificación do criador ou dos espécimes e

2.º O exemplar orixinal ou a copia dun certificado de cría en catividade ou de reproducción artificial emitido pola autoridade administrativa principal segundo o modelo que figura no anexo II, ou os exemplares orixinais de certificados CITES de uso comunitario emitidos pola autoridade administrativa de España.

A documentación indicada neste punto 2.º non terá a consideración de obrigatoria para os espécimes de especies que figuran no anexo I, sempre que estes estean marcados de acordo co establecido no artigo 4.

d) Para os espécimes doutras procedencias:

O exemplar orixinal ou a copia para o titular dunha declaración emitida por unha autoridade administrativa dun Estado membro da Unión Europea, que certifique a súa utilización con fins comerciais, no caso de efectos persoais segundo o procedemento descrito no artigo 58.bis. 1 do Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006.

4. Se se considera necesario, a autoridade competente solicitará os documentos que acrediten os múltiples cambios de titularidade dos espécimes co fin de establecer a rastrexabilidade dos espécimes obxecto de transacción.

5. A ausencia da documentación indicada nos números anteriores, valorada pola autoridade administrativa principal, dará lugar ao non recoñecemento da orixe legal do espécime.

6. En caso de que un interesado ou calquera órgano da Administración descubra espécimes sobre os que teña dúbihdas da súa orixe, conforme os números anteriores, poderá solicitar, se o considera necesario, un informe á autoridade administrativa principal.

#### Artigo 4. *Marcación.*

1. Ademais dos espécimes cuxa marcación se encontra regulada no artigo 64 do Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006, a marcación terá consideración de obrigatoria para os seguintes espécimes:

a) Vertebrados vivos e mortos de especies incluídas no anexo A do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996.

b) Vertebrados vivos de especies incluídas nos anexos B e C e vertebrados mortos enteiros ou substancialmente enteiros de especies incluídas no anexo B.

c) Manufacturas elaboradas total ou parcialmente con partes de espécimes de especies animais e especies madeirables incluídas no anexo A do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996.

2. A autoridade administrativa principal poderá, logo de consulta coa autoridade científica, ou expertos, eximir os espécimes vivos de determinadas especies da obrigatoriedade de marcación. Esta exención farase extensible a todos os espécimes dessa especie e publicarase na páxina web [www.cites.es](http://www.cites.es).

#### Artigo 5. *Métodos de marcación.*

1. Aplicarase o establecido nos artigos 66, 67 e 68 do Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006.

2. Cando as características físicas da especie ou do espécime non permitan a aplicación segura dun método de marcación permanente, poderanse utilizar outros métodos alternativos, como a identificación mediante fotografías. Neste caso, a imaxe deberá realizarse de maneira que permita a identificación inequívoca do espécime e deberá xuntarse como un anexo ou anexos aos documentos que o amparen. O anexo estará debidamente asinado e selado pola autoridade emisora e, en caso de que o documento conste de máis dun anexo, deberán ir ademais numerados.

3. Serán consideradas válidas as marcas que xa porten os espécimes no momento da entrada en vigor da presente disposición sempre que o método de marcación utilizado cumpla o establecido no artigo 66 do Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006.

4. Os espécimes mortos de especies do anexo A conservados enteiros que procedan de espécimes vivos xa marcados conforme as disposicións establecidas deberán conservar a marca ou, na súa falta, deberán marcarse novamente.

5. En caso de retirada dunha marca, por motivos sanitarios ou outros, o propietario do espécime deberá comunicar por escrito a dita circunstancia á autoridade administrativa principal, a través da dirección territorial ou provincial de Comercio correspondente, nun prazo non superior aos dez días naturais desde a retirada da marca, indicando os motivos, caso en que se aplicará outro método de marcación.

6. En todos os casos, o propietario dos espécimes será o responsable de marcalos e disto deberá dar conta á dirección territorial ou provincial de Comercio correspondente coa suficiente antelación de maneira que lle permita valorar a conveniencia de estar presente durante a operación de marcación.

Disposición adicional única. *Notificación de disposicións de aplicación.*

De conformidade co disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, e no artigo 73 do Regulamento (CE) n.º 865/2006 da Comisión, do 4 de maio de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, a autoridade administrativa principal notificará á Comisión Europea e á Secretaría da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), a aprobación e publicación deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución española que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos quince días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade  
LUIS DE GUINDOS JURADO

## ANEXO I

**Listaxe de espécimes vivos de especies incluídas nos anexos B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, exceptuadas do control establecido no artigo 3.3.c)**

Clase	Orde	Familia	Especie
Aves .....	Falconiformes .....	Accipitridae .....	<i>Buteo jamaicensis.</i>
Aves .....	Falconiformes .....	Accipitridae .....	<i>Parabuteo unicinctus.</i>
Aves .....	Falconiformes .....	Falconidae .....	<i>Falco sparverius.</i>
Aves .....	Galiformes .....	Phaisanidae .....	<i>Pavo muticus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Agapornis canus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Agapornis fischeri.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Agapornis nigripenis.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Agapornis personatus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Agapornis taranta.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Alisterus scapularis.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Barnardius zonarius.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Bolboryynchus lineola.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Cyanoliseus patagonus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Forpus coelestis.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Forpus conspicillatus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Forpus passerinus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Forpus xanthops.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Forpus xanthopterygius.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Lathamus discolor.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Myiopsitta monachus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Nandayus nenday.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Neophema chrysogaster.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Neophema chrysostoma.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Neophema elegans.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Neophema pulchella.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Neophema splendida.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Neopsephotus bourki.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Northiella haematogaster.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Pionites leucogaster.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Pionites melanocephalus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Pionus maximiliani.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Pionus menstruus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Platycercus adscitus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Platycercus caledonicus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Platycercus elegans.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Platycercus eximius.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Platycercus icterotis.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Platycercus venustus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Poicephalus senegalus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Polytelis alexandrae.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Polytelis anthopeplus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Polytelis swainsonii.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Psephotus dissimilis.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Psephotus haematonotus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Psephotus pulcherrimus.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Psephotus varius.</i>
Aves .....	Psittaciformes .....	Psittacidae .....	<i>Psittacula alexandri.</i>

Clase	Orde	Familia	Especie
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Psittacula cyanocephala.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Psittacula derbiana.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Psittacula eupatria.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Purpureicephalus spurius.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Pyrrhura frontalis.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Pyrrhura leucotis.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Pyrrhura molinae.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Pyrrhura perlata.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Pyrrhura picta.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Pyrrhura rupicola.</i>
Aves .....	Psittaciformes.....	Psittacidae .....	<i>Trichoglossus haematodus.</i>
Reptilia .....	Sauria .....	Chamaeleonidae .....	<i>Chamaeleo calyptratus.</i>
Reptilia .....	Sauria .....	Iguanidae .....	<i>Iguana iguana.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Boidae .....	<i>Boa constrictor.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Boidae .....	<i>Epicrates cenchria.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Boidae .....	<i>Epicrates cenchria cenchria.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Boidae .....	<i>Eunectes murinus.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Boidae .....	<i>Eunectes notaeus.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Colubridae .....	<i>Elaphe carinata.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Colubridae .....	<i>Elaphe guttata.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Colubridae .....	<i>Elaphe radiata.</i>
Reptilia .....	Serpentes.....	Colubridae .....	<i>Elaphe taeniura.</i>
Reptilia .....	Testudines .....	Chelydridae .....	<i>Macrochelys temminckii.</i>

**ANEXO II****Modelo de certificado de cría en catividade e reproducción artificial**

	MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDAD	SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA COMERCIAL E COMPETITIVIDAD  SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN, CERTIFICACIÓN E ASISTENCIA TÉCNICA DO COMERCIO EXTERIOR	ESPÉCIMES CITES SUXEITOS AO REAL DECRETO Nº .....  DIRECCIÓN TERRITORIAL /PROVINCIAL DE COMERCIO DE .....  AUTORIDADE ADMINISTRATIVA CITES
--	--	--	--

**CERTIFICADO DE CRÍA EN CATIVIDADE E REPRODUCCIÓN ARTIFICIAL**

Nome titular: ..... NIF/DNI.....

Código id. criador / viveirista: .....

Certifícase que os espécimes seguintes foron criados en catividade/reproducidos artificialmente de acordo co establecido no capítulo XIII do Regulamento (CE) nº 865/2006 da Comisión, do 4 de maio de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 338/97 do Consello, do 9 de decembro, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.

Espécimes animais					
Código id. CITES	Especie	Sexo	Tipo de marcación	Marcación	Data de nacemento

Nome do inspector actuante	Selo Sinatura e data
----------------------------	-------------------------

**Observacións:**

- O código id. CITES debe indicarse en calquera documento de transferencia da propiedade dos espécimes indicados.
- O titular deberá comunicar á dirección territorial/provincial de Comercio as altas, baixas ou modificacións relevantes nos espécimes (tales como marcación) ou poboación reprodutora, nun prazo non superior a 72 horas con indicación da causa (transferencia, morte, roubo, fuga, incorporación de parentais, etc.) e a súa data.

En caso de baixa definitiva dos espécimes (exportación fóra da Unión, morte, etc.) o titular deberá devolver os orixinais dos documentos CITES que amparasen os ditos espécimes á autoridade administrativa principal a través da dirección territorial/provincial de Comercio correspondente.